

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 13 de setembro de 2013

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o trece de setembro do ano dous mil trece, ás trece horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados, don Rosendo Luis Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don Antonio Montero Fernández, don José Antonio Feijóo Alonso, don Emilio José Pazos Ojea, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don José Manuel Freire Couto e don Eladio Mangana Nóvoa os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DO DÍA 6 DE SETEMBRO DE 2013.- Unha vez examinada a acta da sesión que tivo lugar o día vinte e seis de setembro de dous mil trece, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- RESOLUCIÓN DA SEGUNDA CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DO OCIO SAUDABLE E O TERMALISMO NA PROVINCIA DE OURENSE CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2013 (SOLICITUDES QUE TIVERON ENTRADA NESTA DEPUTACIÓN ENTRE O DÍA 16 DE XULLO E O 6 DE SETEMBRO DE 2013 (BOP N.º 147, DO 28/06/2013)).- Unha vez vista a proposta do día 10 de setembro de 2013, que formula a comisión de valoración para a concesión de subvencións para o fomento do ocio saudable e o termalismo na provincia de Ourense correspondente ao exercicio 2013 (solicitudes que tiveron entrada nesta Deputación Provincial entre o 16 de xullo e 6 de setembro de 2013, de acordo coa base 5ª das que rexen a convocatoria) (BOP n.º 147, do 28/06/2013), e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aproba-la seguinte resolución:

1º.- Concederlles subvención ás persoas que se indican a continuación e que lle dan acceso directo a seren beneficiarias dunha praza por establecemento balneario e modalidade segundo se sinalan:

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 13 de setembro de 2013

	DNI	APELIDOS E NOME	Nº PRAZAS	MODALIDADE	BALNEARIO
1	76694311Y	AIRAS FERNANDEZ MANUEL	2	PROGRAMA A_Estancia	LAIAS
2	34595805X	ALONSO SUÁREZ ANTÓN	2	PROGRAMA A_Estancia	LOBIOS
3	34904098B	ALVAREZ LOPEZ JUAN LUIS	2	PROGRAMA A_Estancia	LOBIOS
4	34705641K	BLANCO GARCIA CARIDAD	1	PROGRAMA A_Estancia	LOBIOS
5	34545829J	CONDE MILLARO JOSE	2	PROGRAMA A_Estancia	LOBIOS
6	34540291H	CORRALES RODRÍGUEZ VIRGINIA	2	PROGRAMA A_Estancia	LAIAS
7	34507829D	DIAZ DOSPAZOS FRANCISCO	2	PROGRAMA B_Tratamento	BAÑOS DE MOLGAS
8	34707662H	DOMINGUEZ RIVELA RICARDO	2	PROGRAMA A_Estancia	BAÑOS DE MOLGAS
9	44474506G	DOMINGUEZ ROBLEDO CARLOS	1	PROGRAMA A_Estancia	LAIAS
10	76684556A	FERNANDEZ CERDEIRA JESUS	2	PROGRAMA A_Estancia	LAIAS
11	34551828D	FERNANDEZ PATO LUIS	2	PROGRAMA B_Tratamento	BAÑOS DE MOLGAS
12	34594206K	FERNÁNDEZ PUGA PURA	2	PROGRAMA B_Tratamento	BAÑOS DE MOLGAS
13	34646619V	GOMEZ FERNANDEZ BENITA	2	PROGRAMA A_Estancia	BAÑOS DE MOLGAS
14	34399110-B	GÓMEZ VÁZQUEZ JULIA	2	PROGRAMA A_Estancia	LAIAS
15	34519092W	GONZÁLEZ ARMADA EXCLAVITUD	1	PROGRAMA A_Estancia	LAIAS
16	34544177V	GONZÁLEZ FIDALGO MARIA LUZ	1	PROGRAMA A_Estancia	LOBIOS
17	76691940G	GONZALEZ VAZQUEZ ELIA BETY	1	PROGRAMA B_Tratamento	BAÑOS DE MOLGAS
18	34924013P	GULIAS GULIAS BENITO	2	PROGRAMA A_Estancia	LAIAS
19	15368409Q	IBAÑEZ FERNANDEZ MARIA MAR	1	PROGRAMA B_Tratamento	BAÑOS DE MOLGAS
20	34562729P	JARDÓN MORALES MANUEL	2	PROGRAMA A_Estancia	CARBALLIÑO
21	34659355B	JARDÓN QUINTAS FAUSTINO	2	PROGRAMA A_Estancia	LOBIOS
22	14360745M	JUSTO RODRIGUEZ MARIA TERESA	1	PROGRAMA A_Estancia	LOBIOS
23	34537918Z	LÓPEZ IGLESIAS ASCENSIÓN	2	PROGRAMA A_Estancia	LOBIOS
24	34569372G	LÓPEZ LÓPEZ DOLORES	2	PROGRAMA A_Estancia	ARNOIA

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 13 de setembro de 2013

25	34242640X	LOSADA SALGUEIRO MAGIN	2	PROGRAMA A_Estancia	LOBIOS
26	15333593-E	MARTINEZ POUSA JOSE BENITO	2	PROGRAMA A_Estancia	LAIAS
27	34606036Y	MASID PADRON INES	1	PROGRAMA A_Estancia	LAIAS
28	34710479Y	MEIXEIRA ROMASANTA MARIA CORONA	2	PROGRAMA A_Estancia	LOBIOS
29	34464447M	MONTEAGUDO GONZÁLEZ CASTOR	2	PROGRAMA A_Estancia	LOBIOS
30	34525966E	NOVOA PROL MANUEL	2	PROGRAMA B_Tratamento	BAÑOS DE MOLGAS
31	34579681D	PAZ SUAREZ CRISTINA	1	PROGRAMA A_Estancia	LAIAS
32	34577072E	PAZO ARIAS MODESTO	1	PROGRAMA B_Tratamento	BAÑOS DE MOLGAS
33	34699985T	PEREZ RODRIGUEZ FELIX	2	PROGRAMA A_Estancia	BAÑOS DE MOLGAS
34	34571364H	PEREZ RODRIGUEZ ISABEL	2	PROGRAMA A_Estancia	BAÑOS DE MOLGAS
35	45542519N	RIVERA DONATO RUBEN DARIO	2	PROGRAMA A_Estancia	LOBIOS
36	14529866-F	RODRIGUEZ BLANCO LAURA	1	PROGRAMA A_Estancia	LAIAS
37	34557309-Q	RODRIGUEZ SOTELO BENIGNA	2	PROGRAMA A_Estancia	LAIAS
38	14523535R	SEGUIN PROL MARIANA	1	PROGRAMA B_Tratamento	BAÑOS DE MOLGAS
		TOTAL PRAZAS	64		

2º.- A concesión da subvención queda condicionada a que os beneficiarios presenten, no prazo de dez (10) días hábiles desde a publicación da presente resolución de concesión, a seguinte documentación:

- Copia do DNI do solicitante e, se é o caso, do acompañante.
- Certificado ou volante de empadramento do solicitante principal, referido á data da solicitude.
- Copia do DNI do representante e da autorización do representado para a formulación da solicitude.

As quendas para a realización das estancias serán concretadas polos establecementos tras a publicación da resolución.

3º.- A notificación desta resolución realizarase exclusivamente a través da súa publicación no seguinte enderezo web: <http://termalismo.depourense.es> e no taboleiro de

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 13 de setembro de 2013

anuncios da Deputación Provincial, como así o establece o punto 3 da base oitava das que rexe a convocatoria.

3.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE AVIÓN.- No Pleno de data 26 de abril de 2013 acordouse aproba-lo expediente nº 1/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 30.000,00 euros a favor do Concello de Avión, para as obras de ampliación das instalacións do centro día e comedor social, con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello de Avión, nos seguintes termos:

-Importe: 30.000,00 €.

-Obxecto: as obras de ampliación das instalacións do centro día e comedor social.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención concedida.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2013.

4.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE AVIÓN.- No Pleno de data 26 de abril de 2013 acordouse aproba-lo expediente nº 1/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 15.000,00 euros a favor do Concello de Avión, para as obras do centro de rehabilitación para persoas

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 13 de setembro de 2013

maiores e con problemas de mobilidade, con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello de Avión, nos seguintes termos:

-Importe: 15.000,00 €.

-Obxecto: as obras do centro de rehabilitación para persoas maiores e con problemas de mobilidade.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención concedida.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2013.

5.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

6.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non houbo.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás trece horas e trinta minutos, do referenciado día trece de setembro do ano dous mil trece, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,